



| 1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA | |
|--|---|
| CÓDIGO | - |
| MATERIA | Prácticas de Escenografía |
| DISCIPLINA | Obradoiro de Escenografía I |
| TITULACIÓN | Titulación Superior en Arte Dramática |
| ESPECIALIDADE | Escenografía |
| ITINERARIO | - |
| CURSO | 3º |
| CRÉDITOS ECTS | 10 |
| CARÁCTER | Obrigatoria |
| DEPARTAMENTO | Escenografía |
| CENTRO | ESAD de Galicia |
| COORDINADOR | Alejandra Montemayor Suárez |
| /ADOCENTES | <p>Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Despacho: Departamento Escenografía Contacto: diadeluz@gmail.com</p> |
| | <p>Nome e apelidos: David Mortol Moreno Despacho: Departamento Escenografía Contacto: davidmortol@edu.xunta.gal</p> |
| DESCRICIÓN | Iniciación á práctica da creación teatral destinada a sintetizar todos os aspectos da formación. Implica o coñecemento e a experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a experiencia da representación, as aprendizaxes de linguaxes, procedementos e saberes adquiridos, para transmitir ao/á espectador/a as sensacións, emocións, e o sentido da creación escénica. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | Os acadados nas materias de Espazo Escénico, Iluminación, Técnicas Escénicas e outras materias afíns. |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE | Galego X Castelán X Inglés o n |

| 2. COMPETENCIAS | |
|-----------------------------------|---|
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO | |
| T1 | Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. |
| T2 | Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente. |
| T3 | Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. |
| T7 | Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo. |
| T8 | Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos. |



| | | |
|---|---|--|
| T12 | Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada. | |
| COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN | | |
| X3 | Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue. | |
| X5 | Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social. | |
| X6 | Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión. | |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE | | |
| EE1 | Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética | |
| EE2 | Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos de representación. | |
| EE3 | Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes | |
| EE5 | Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética. | |
| EE6 | Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica. | |
| 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA | | COMPETENCIAS VINCULADAS |
| 1. Integrar nun proxecto realizado a partir dun texto dramático, partitura musical, dramaturxia ou tema, o aprendido nos anos anteriores nas materias de Espazo Escénico, así como outras materias afíns que posibiliten o desenvolvemento dun proxecto básico de deseño. | | T1, T2, T3, T7, T8, T12, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6 |
| 4. CONTIDOS | | |
| I.- MÓDULO TEÓRICO | * O MÓDULO I E II COMBINARASE A TEORÍA COA PRÁCTICA* | |
| TEMAS | SUBTEMAS | SESIÓNS |



| | | |
|---|---|-----------|
| 1.O traballo a partires duntexto | <ol style="list-style-type: none"> 1. O achegamento e análise ao texto por parte do escenógrafo/a: Elementos de significación, ubicación da obra, estrutura do texto, espazos, estudo dos personaxes. 1.2. O achegamento a outras dramaturxias: proxectos escenocentristas ,eventos, <i>site-specific</i>, proxectos multidisciplinais... | 6 |
| 2. Como abordo o meudeseño? | <ol style="list-style-type: none"> 1. As primeiras ideas e a depuración destas. 2. As ambientacións xerais que a priori pretendo acadar. 3. Os referentes visuais dos que parto. 4. A elección da liña estética que vou traballar e a investigacióndesta. 5. A relación entre a escenografía e o espazo que a conterà. 6. A adecuación aos recursos técnicos cós que conto. 7. Outros recursos artístico-técnicos. | 6 |
| 3. O espazo escénico non sóo forma a escenografía | <ol style="list-style-type: none"> 1. A integración de todas as partes que compón o espazo escénico. 2. O traballo en conxunto á hora do deseño: escenografía,iluminación, vestiario... 3. A comunicación co/coa director/a de escena. 4. As transicións: o estudo dos movementos escenográficos. 5. A relación dos personaxes coa nosa proposta. A integracióndestes na composición. | 6 |
| II.- MÓDULO PRÁCTICO | * O MÓDULO I E II COMBINARASE A TEORÍA COA PRÁCTICA* | |
| 4. As ferramentas nas que meapoio | <ol style="list-style-type: none"> 1. Bosquexos iniciais, de atmosfera, de traballo e definitivos. 2. Técnicas gráficas e pictóricas: a súa expresividade. 3. As vistas iniciais, a modificación destas e as definitivas. 4. A maqueta de traballo e a de presentación. A importancia daescala. 5. A optimización dos recursos que xa manexo: como e candoemprego os meus coñecementos sobre deseño, cor, debuxo técnico, novas tecnoloxías... | 9 |
| 5. A parte técnica | <ol style="list-style-type: none"> 1. Os planos de deseño (da man alzada ao CAD). 2. A presentación dos planos. 3. As vistas en perspectiva. 4. Aplicación das novas tecnoloxías. 5. A adaptación a diferentes espazos. 6. <i>Ridder</i> técnico | 9 |
| 6. E posteriormente aodeseño... | <ol style="list-style-type: none"> 1. A memoria que fixen. 2. A presentación do meu proxecto. 3. Os recursos para a optimización da miña presentación. | 9 |
| TOTAL SESIÓNS | | 45 |



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

| Actividade / Número de horas | Presencial (horas) | Non presencial (horas) | Total |
|---|--------------------|------------------------|-------|
| Actividades introductorias | 3 | | 3 |
| Sesión maxistral | 6 | | 6 |
| Traballos de aula: Resolución de problemas e / ou exercicios | 34 | | 34 |
| Prácticas de aula: Resolución de problemas e/ ou exercicios de forma autónoma | 26 | 12 | 38 |
| Proxectos integrados | 40 | 83 | 123 |
| Traballos tutelados | 10 | 40 | 50 |
| Presentacións / exposicións | 6 | 10 | 16 |
| Titoría docente | 10 | | 10 |
| Prácticas en aula de informática | | 20 | 20 |
| TOTAL HORAS | 135 | 165 | 300 |

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

| Actividades | Descrición |
|---|---|
| Actividades introductorias | Actividades que introduzan ao alumnado na dinámica do funcionamento da materia. |
| Sesión maxistral | Exposicións por parte das docentes dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento dos contidos da materia. |
| Traballos de aula: resolución de problemas e/ ou exercicios | Resolución de exercicios de forma colaborativa sobre os contidos da materia. |
| Prácticas de aula: resolución de problemas e/ ou exercicios de forma autónoma | Prácticas nas que os alumnos traballen de forma autónoma as súas propostas. |
| Proxectos integrados | Traballo en equipo con alumnado doutras especialidades. |
| Traballos tutelados | Traballos destinados á realización do proxecto integrado. |



| | |
|----------------------------------|---|
| Presentacións / exposicións | Presentacións progresivas do traballo realizado para a integración ante o profesorado e alumnado doutras especialidades / Posta en escena o día daestrea. |
| Titoría docente | Nas que o alumnado resolverá dúbidas sobre o desenvolvemento do seutraballo. |
| Prácticas en aula de informática | Realización da planimetría necesaria |

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. *Titoría presencial:* O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.

Orientación Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso.

Titoría electrónica: O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8. 1 Avaliación ordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|--|-------------|
| Grao e nivel de participación e actitude en clases e ensaios, capacidade e dispoñibilidade de traballo en grupo, e de comunicación e transmisión clara de ideas, así como a capacidade de realizar e aceptar unha crítica construtiva. | X3, X6, EE3 | 15% |
| Dosier do proxecto Entrega dun dossier que contemple todos os apartados da análise para executar o proxecto e todo o contido técnico de deseño tales como bosquexos, planimetría e outros recursos. | T1, T2, T3, T7, X3, X5, EE1, EE3, EE5. | 40 % |



| | | |
|---|--|---------------------------|
| <p>Módulo práctico</p> <p>Deseño Plástico Escénico en colaboración co alumnado do Dpto. de Dirección Escénica e Dramaturxia* Execución práctica do deseño.</p> <p>* De non seren posible a colaboración coas outras especialidades realizarase o mesmo proxecto sen a execución ou se valorará por parte das profesoras abordar outro modelo de execución.</p> | <p>T1, T2, T3, T7, T8, T12, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6.</p> | <p>45 %</p> |
| <p>As partes específicas de cada apartado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo en aula/ensaio: <ol style="list-style-type: none"> 1. Caderno de campo. - Dossier proxecto: <ol style="list-style-type: none"> 1. Análise do texto. Argumento e estrutura. 2. Referentes visuais e xustificación estética elixida. 3. Xustificación do deseño. 4. Bosquexos de atmosfera. Tamaño mínimo A4, empregando a cor (mínimo de 3 bosquexos). 5. Dossier técnico. 6. Planos técnicos. Planos de construción de elementos. Planos de implantación. Planos desección e perfil (se foran necesarios). Planos de iluminación. 7. Reflexión persoal do traballo realizado. 8. Maqueta a escala. - Módulo práctico: <ol style="list-style-type: none"> 1. Execución práctica do deseño proposto. 2. Posta en marcha do plan de produción: seguimento fases de construción, montaxe, ensaios, seguimento da función, desmontaxe, almacenaxe... | | |
| <p>Nota 1: Para superar a materia deberán aprobarse todas as partes.</p> <p>Nota 2: As memorias das prácticas e o traballo escrito poderán ser axustadas en caso necesario para concretar determinados aspectos se houbera lugar a iso, segundo as características individuais de cada proposta, no caso de seren considerado recomendable polas docentes.</p> | | |
| <p>8.2. Avaliación extraordinaria</p> | | |
| <p>Ferramenta / actividade</p> | <p>Competencias avaliadas</p> | <p>Ponderación</p> |
| <p>Dossier do proxecto</p> <p>Entrega dun dossier que contemple todos os apartados da análise para executar o proxecto e todo o contido técnico de deseño tales como bosquexos, planimetría e outros recursos.</p> | <p>T1, T2, T3, T7, X3, X5, EE1, EE3, EE5.</p> | <p>70%</p> |



| | | |
|---|--|---------------------------|
| <p>Módulo práctico</p> <p>Execución práctica dunha das partes da proposta recollida no dossier do proxecto, que será acordada co equipo docente con a antelación suficiente.</p> | <p>T1, T2, T3, T7, T8, T12, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6.</p> | <p>30%</p> |
| <p>Nota 1: Para superar a materia deberán aprobarse todas as partes.</p> <p>Nota 2: As memorias das prácticas e o traballo escrito poderán ser axustadas en caso necesario para concretar determinados aspectos se houbera lugar a iso, segundo as características individuais de cada proposta, no caso de seren considerado recomendable polas docentes.</p> <p>Nota 3: O equipo docente deberá poder revisar o traballo en tres ocasións antes de súa entrega: fase inicial de deseño, fase intermedia do proxecto e fase final de execución.</p> | | |
| <p>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</p> | | |
| <p>Ferramenta / actividade</p> | <p>Competencias avaliadas</p> | <p>Ponderación</p> |
| <p>Dossier do proxecto</p> <p>Entrega dun dossier que contemple todos os apartados da análise para executar o proxecto e todo o contido técnico e de deseño tales como bosqueños, planimetría e outros recursos.</p> | <p>T1, T2, T3, T7, X3, X5, EE1, EE3, EE5.</p> | <p>70%</p> |
| <p>Módulo práctico</p> <p>Execución práctica dunha das partes da proposta recollida no dossier do proxecto, que será acordada co equipo docente con a antelación suficiente.</p> | <p>T1, T2, T3, T7, T8, T12, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6.</p> | <p>30 %</p> |



Nota 1: Para superar a materia deberán aprobarse todas as partes.

Nota 2: As memorias das prácticas e o traballo escrito poderán ser axustadas en caso necesario para concretar determinados aspectos se houbera lugar a iso, segundo as características individuais de cada proposta, no caso de seren considerado recomendable polas docentes.

Nota 3: O equipo docente deberá poder revisar o traballo en tres ocasións antes de súa entrega: fase inicial de deseño, fase intermedia do proxecto e fase final de execución.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- BREYER, Gastón, *La escena presente*, Ediciones infinito, 2005.
- HIDALGO CIUDAD, Juan Carlos, *Espacios Escénicos: el Lugar de Representación en la Historia del Teatro Occidental*. Sevilla, CAT, 2004.
- CALMET, Héctor. *Escenografía. Escenotecnia, Iluminación*. Ediciones la Flor, Buenos Aires (Argentina), 2003.
- D. K. CHING, Francis y P. JUROSZEK, Steven. *Dibujo y proyecto*. GG, Barcelona, 1999.
- DAVIS, Tony, *Escenógrafos*, Barcelona, Océano, 2002.
- GÓMEZ GARCÍA, Manuel, *Diccionario de Teatro*, Akal, Madrid, 2007.
- HOWARD, Pamela, *Escenografía*, Galaxia, Vigo, 2004.
- LÓPEZ GUEREÑU, Javier, *Decorado y tramoya*, Cuadernos de Técnicas escénicas, Ciudad Real, Ñaque, 1998
- MURCIA, Félix, *La escenografía para el cine. El arte de la apariencia*, Fundación autor, 2002.
- MUNARI, Bruno, *Diseño y comunicación audiovisual*, GG, Madrid, 2005.
- NIEVA, Francisco, *Tratado de escenografía*, Madrid, ed.Fundamentos, 2000.
- PORTILLO, Rafael y CASADO, Rafael: *Diccionario de terminología teatral*, Madrid, Fundamentos, 1986.
- RASMUSSEN, Steen Eiler, *La Experiencia de la arquitectura*, Reverté, Barcelona, 2007.
- WAGNER, Fernando, *Teoría y técnica teatral*, Barcelona, Editorial Labor, 1974.
- WILES, David: *A short history of Western Performance Space*, Cambridge, CUP, 2003.

Referencias complementarias

Ao longo do curso o profesor engadirá referencias bibliográficas segundo os temas vistos na aula.

10. OBSERVACIÓNS



- Os traballos teóricos deben entregarse seguindo as normas APA.
- Dada a especificidade da materia, o desenvolvemento de certas tarefas usando os recursos e instalacións do centro, podería requirir a asistencia do alumnado en horario non lectivo.
- Para ser avaliado é necesario ter superado todos os ítems (exames, entregas, traballos...) cun mínimo de 5. Non ter superado algún dos ítems, implicaría a imposibilidade de facer a media das partes.